

**PROCESO SELECTIVO ADMINISTRATIVAS/OS DE ADMINISTRACIÓN XERAL DERIVADO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO 2020-2021-2022 (2ª FASE), (SETE POLA QUENDA LIBRE E SETE DE PROMOCIÓN INTERNA, DÚAS DELAS RESERVADAS A PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL)****ANUNCIO: PUNTUACIÓNS FINAIS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO – ANEXO DE ACORDOS RELATIVOS ÁS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS AO 2º EXERCICIO**

PUNTUACIÓNS FINAIS ACADADAS POLAS PERSOAS ASPIRANTES QUE SUPERARON TODOS OS EXERCICIOS OBRIGATORIOS E ELIMINATORIOS

PROMOCIÓN INTERNA

APELIDOS, NOME	DNI		<i>Concurso-oposición</i>		<i>TOTAL</i>
			<i>Concurso</i>	<i>Oposición</i>	
				<i>1º exercicio 2º exercicio</i>	
COLLAZO SAAVEDRA, ***639**N		7,5		8,25 6,6875	22,4375
M.C					
FERNÁNDEZ ***234**Q		6,975		8,125 8,375	23,475
GUIMERÁNS, M.					
GONZÁLEZ SÁNCHEZ, ***515**F		6,1		8,625 5,425	20,15
I.					
JORGE ÁLVAREZ, M.	***256**F	6,575		9 5,5	21,075
PENA GARCÍA, S.	***298**N	6,975		8,25 5,25	20,475
RODRÍGUEZ ***856**X		7,25		8,5 8,75	24,5
MIGUÉLEZ, S.					
VILA RODRÍGUEZ, A.	***799**M	7,75		9,125 7,7	24,575

PROMOCIÓN INTERNA DIVERSIDADE FUNCIONAL

APELIDOS, NOME	DNI		<i>Concurso-oposición</i>		<i>TOTAL</i>
			<i>Concurso</i>	<i>Oposición</i>	
				<i>1º exercicio 2º exercicio</i>	
ÁLVAREZ CANELLA, ***325**M		7,675		8,625 6,3875	22,6875
I.M.					
IGLESIAS BLAS, R.	***536**B	8		8,75 5,4	21,9

Visto o número de prazas a cubrir e considerando o resultado anterior, o órgano de selección en sesión de data 16.01.2026 acordou formular a seguinte proposta de nomeamento por orde de puntuación:

PROPOSTA DE NOMEAMENTO



PROMOCIÓN INTERNA

		Concurso-oposición			
APELLIDOS, NOME	DNI	Concurso	Oposición		TOTAL
			1º exercicio	2º exercicio	
VILA RODRÍGUEZ, A.	***799**M	7,75	9,125	7,7	24,575
RODRÍGUEZ	***856**X	7,25	8,5	8,75	24,5
MIGUÉLEZ, S.					
FERNÁNDEZ	***234**Q	6,975	8,125	8,375	23,475
GUIMERÁNS, M.					
COLLAZO SAAVEDRA, M.C	***639**N	7,5	8,25	6,6875	22,4375
JORGE ÁLVAREZ, M.	***256**F	6,575	9	5,5	21,075

PROMOCIÓN INTERNA DIVERSIDADE FUNCIONAL

APELIDOS, NOME	DNI	Concurso-oposición			
		Concurso	Oposición		TOTAL
			1º ejercicio	2º ejercicio	
ÁLVAREZ CANELLA, I.M.	***325**M	7,675	8,625	6,3875	22,6875
IGLESIAS BLAS, R.	***536**B	8	8,75	5,4	21,9

Contra este acordo (proposta de nomeamento) as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o seguinte ao da súa publicación.

ANEXO_ ACORDOS A RESPECTO DAS RECLAMACIÓNS AO 2º EXERCICIO DE CARÁCTER PRÁCTICO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Código de solicitude W1410045-5165

OBXECTO DA RECLAMACIÓN: Solicita a revisión da nota do seu 2º exercicio en comparación cos demais.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

En atención ao solicitado, foi examinado o exercicio da aspirante, revisadas as notas tomadas no momento da súa exposición e contratastado cos demais exercicios.

Realizadas estas comprobacións, o órgano de selección salienta que, de conformidade co establecido nas Bases xerais do presente proceso selectivo, para a puntuación desta proba considerouse como criterio de valoración o seguinte: *a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2026 14:12	Páxina 2 de 5
260018994	CSV: A9A6D4-DFD8B8-A7374C-3RV6C4-E4H6FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



presentados. Lembra, así mesmo, que por imperativo das ditas Bases xerais, trátase dunha proba que debía ser lida obrigatoriamente ante o órgano de selección. Este tipo de lecturas permiten realizar, ademais da valoración do contido do exercicio, unha apreciación directa da claridade expositiva, o rigor conceptual e a coherencia argumentativa presentes neles.

Así mesmo, tívose en conta o criterio fixado polo órgano de selección e comunicado ás persoas aspirantes antes do inicio do 2º exercicio de carácter práctico, obrigatorio e eliminatorio, polo que se esixía unha nota mínima de 2,5 puntos en cada suposto práctico (o que significa acadar un mínimo de solvencia en cada un deles) para que podera obterse a nota mínima de 5 puntos esixida nas bases xerais.

Logo de realizar a comparación peticiónada e aplicados os criterios de valoración, ratificáronse as puntuacións asignadas á reclamante, ao non observarse valoración ningunha que modificar, á vista, singularmente, de que a comparación realizada verificou que os exercicios que foron puntuados con notas superiores ás da reclamante ofrecen solucións máis completas e elaboradas, contan cun nivel de desenvolvemento superior e un maior afondamento no tratamento dos temas abordados, polo que a amosan un maior nivel de coñecementos e unha mellor exposición argumentativa na resolución dos problemas.

ACORDO: Examinado o exercicio da reclamante e realizada a comprobación solicitada, ratifícanse as puntuacións asignadas ao seu 2º exercicio de carácter práctico, obrigatorio e eliminatorio, manténdose a nota que foi obxecto de publicación.

Contra este acordo a persoa reclamante poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes a contar dende o seguinte a súa notificación.

Código de solicitude W1410097-744

OBXECTO DA RECLAMACIÓN: Solicitando acceder ao seu 2º exercicio, así como ser informada dos criterios de corrección e do resultado obtido en cada suposto.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

En relación coa solicitude de acceso, a aspirante tivo acceso ao seu exercicio o día 14.01.2026.

Tocante aos criterios de corrección aplicados polo órgano de selección, cómpre lembrar, en primeiro lugar, a debida aplicación dos criterios previstos nas Bases xerais que rexen o presente proceso selectivo e que neste caso concrétnanse na *aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas presentados*. Así mesmo, debe considerarse que as ditas Bases xerais estableceron como obrigatoria a lectura do 2º exercicio, de carácter práctico, por cada aspirante, o que esixe a súa intervención directa nese acto para a exposición e, con elo, defensa do exercicio realizado. Elo permite levar a cabo, ademais da valoración do contido do exercicio, unha apreciación directa da claridade expositiva, o rigor conceptual e a coherencia argumentativa presente neles. Ademais, tívose en conta o criterio fixado polo órgano de selección de esixir unha nota mínima en cada un dos dous supostos prácticos plantexados, tal como se comunicou ás persoas aspirantes antes do inicio da proba, sendo necesario que demostrasen estar en posesión dunhas competencias mínimas en cada un deles.

Concretando tales criterios no exercicio da reclamante, resulta que o segundo dos supostos, dos dous que conformaron esta 2º proba obrigatoria e eliminatoria, conta con catro preguntas sen responder. Estas catro



Copia do documento - Concello de Vigo

260018994

Data impresión: 23/01/2026 14:12

Páxina 3 de 5

CSV: A9A6D4-DFD8B8-A7374C-3RV6C4-E4H6FN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



preguntas teñen asociada unha puntuación total de 3 puntos sobre 5. A circunstancia de que non figuren abordadas nin mínimamente esas 4 preguntas, impide a superación do suposto.

Sen prexuízo do anterior, a xuízo do órgano de selección, o nivel de desenvolvemento das respostas (acerto, sistemática, argumentación e complitude, segundo os casos) dadas pola aspirante é inferior ao daqueles exercicios que superaron a nota mínima de 5 puntos. Facilitaráselle a puntuación desagregada de ambos supostos.

ACORDO: Acceder ao solicitado, facilitando os criterios de corrección (contidos no fundamento deste acordo) e as puntuacións desagregadas por apartados.

Contra este acordo a solicitante poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes a contar dende o seguinte a súa notificación.

Código de solicitude W1411235-2191

OBJECTO DA RECLAMACIÓN: Solicita a revisión do 2º exercicio da reclamante, en comparación cos realizados polas demais aspirantes.

FUNDAMENTOS DO ACORDO:

As Bases xerais que rexen o presente proceso selectivo conteñen como criterio de valoración a *aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas presentados*. Así mesmo, debe considerarse que as ditas Bases xerais estableceron como obrigatoria a lectura do 2º exercicio, de carácter práctico, por cada aspirante, o que esixe a súa intervención directa nese acto para a exposición e, con elo, defensa do exercicio realizado. Ilo permite levar a cabo, ademais da valoración do contido do exercicio, unha apreciación directa da claridade expositiva, o rigor conceptual e a coherencia argumentativa presente neles. Ademais, tívose en conta o criterio fixado polo órgano de selección de esixir a superación de ambos supostos para acadar a nota mínima de 5 puntos na proba, tal como se lles comunicou ás persoas aspirantes antes do seu inicio, e, polo tanto, a persoa aspirante debe demostrar que dispón dunhas competencias, sequera mínimas, para afrontar cada un deles.

Sentado o anterior, o exercicio foi revisado e contrastado coas anotacións tomadas polo órgano de selección durante a súa lectura. Doutro lado, realizouse unha análise comparativa cos exercicios que acadaron a cualificación de apto, verificándose que en todos eles o tratamento dos supostos foi integral posto que todas as cuestións dos dous supostos prácticos foron abordadas polas persoas aspirantes, a diferenza do que acontece co exercicio da reclamante, que conta con dúas preguntas sen responder; unha en cada suposto.

Analizando o contido das preguntas si respostadas pola aspirante e continuado coa comparación solicitada, a xuízo do órgano de selección, o exercicio da reclamante non acada o nivel de desenvolvemento e complitude que presentan aqueles que acadaron a cualificación de aptos e, no concreto caso do segundo dos supostos plantexados, non obtivo a puntuación media necesaria para acadar o mínimo esixido para poder consideralo superado.

ACORDO: Realizada a revisión do exercicio, o órgano de selección ratifica a puntuación asignada ao 2º exercicio realizado pola reclamante no presente proceso selectivo, manténdose a puntuación que foi obxecto de publicación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2026 14:12	Páxina 4 de 5
260018994	CSV: A9A6D4-DFD8B8-A7374C-3RV6C4-E4H6FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



Contra este acordo a persoa reclamante poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes a contar dende o seguinte a súa notificación.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A secretaria do órgano de selección
Lorena López Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/01/2026 14:12	Páxina 5 de 5
260018994	CSV: A9A6D4-DFD8B8-A7374C-3RV6C4-E4H6FN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		